

Interese Galego, en relación co Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, corresponde á Consellería de Economía e Industria a declaración de interese galego mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia*, así como o exercicio das funcións do protectorado e as demais que correspondan á Xunta de Galicia de conformidade co indicado no dito regulamento.

Terceiro.-Á vista do disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, no Decreto 14/2006, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, e no Decreto 15/2009, da mesma data, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, resultan cumpridos os requisitos establecidos pola normativa vixente para a declaración de interese galego e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Economía e Industria, da *Fundación Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia*, polo que,

RESOLVO:

Primeiro.-Declarar de interese galego a *Fundación Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia*.

Segundo.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Economía e Industria.

Terceiro.-Esta fundación queda sometida ao disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, no Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, e no Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, así como na demais normativa que resulte de aplicación, onde se establecen especialmente as abrigas de dar publicidade suficiente do seu obxecto e actividades, ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos, así como a presentación anual da documentación contable e plan de actuación ante o protectorado, que será exercido pola Consellería de Economía e Industria.

Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas o do procedemento administrativo común.

Notifíquelles esta resolución aos interesados en cumprimento do establecido no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

co das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2010.

P.D. (Orde 30-4-2009, DOG nº 87)

José Riesgo Boluda
Secretario xeral da Consellería de Economía e Industria

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 20 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996, relativa á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

O artigo 148.1º.20 da Constitución española establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias, entre outras, en materia de asistencia social.

En coherencia co citado precepto, o artigo 27.23º do Estatuto de autonomía para Galicia, atribúelle a esta comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de servizos sociais.

Neste marco competencial, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que nace coa vontade de dar resposta ás necesidades derivadas dos cambios producidos na sociedade galega nos últimos tempos en materia de servizos sociais, co fin de construír un sistema galego de benestar.

Entre outros aspectos, a Lei de servizos sociais de Galicia regula a forma en que se prestarán os servizos sociais, permitíndolles ás persoas físicas e xurídicas privadas, sexa de iniciativa social ou de carácter mercantil, a posibilidade de crear centros de servizos sociais, así como xestionar programas e prestacións desta natureza, de conformidade co establecido polo lexislador e, en todo caso, cumprindo os requisitos de calidade e demais condicións que estableza a normativa reguladora dos servizos sociais de Galicia.

Neste ámbito, a normativa reguladora atopámola no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, ditado en desenvolvemento da entón vixente Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, e no que se establecen as condicións xerais exixibles aos centros de servizos sociais en canto á súa creación, apertura e posta en funcionamento.

Con todo, as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas

maiores, atópanse recollidos na Orde do 18 de abril de 1996 que, por unha banda delimita cales son os centros a que nos estamos a referir e, por outra, determina os requisitos específicos que se lles exixirán co fin de garantir a adecuación das instalacións, a calidade na prestación dos servizos e unha asistencia axeitada ás necesidades e características dos usuarios, sen esquecer tamén as condicións arquitectónicas, materiais, de equipamento e distribución de espazos.

Esta orde modificouse por outra do 13 de abril de 2007, que nace coa vontade de adaptar aspectos da anterior regulación á normativa e estrutura competencial do momento, pero tamén co obxecto de crear centros novos e clarificar o réxime dalgúns xa existentes, como foi o caso das vivendas comunitarias.

O transcurso do tempo e a experiencia acumulada poñen de manifesto un deficiente aproveitamento dalgúns dos equipamentos existentes, segundo a configuración dada pola Orde do 13 de abril de 2007, concretamente no que atinxe ás vivendas comunitarias, que quedaron concibidas como centros destinados a albergar persoas totalmente autónomas. A partir da casuística que se foi xerando nestes últimos anos, conséntase na actualidade que este tipo de centros non se están optimizando, precisamente pola súa vinculación só ao ámbito da autonomía, o que na práctica supón que queden relegados a un aproveitamento limitado no que á súa funcionalidade se refire.

Con esta nova modificación da orde que regula as vivendas comunitarias preténdese ampliar o seu campo de acción, aínda que sen desvincular este dos requisitos e condicións materiais e arquitectónicas que garantan a calidade na prestación do servizo e unha correcta asistencia ás necesidades dos usuarios. Trátase, en definitiva, de alcanzar un uso máis eficiente, co fin de contar cun maior número de recursos cos que facer fronte ás necesidades creadas coa posta en marcha da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que nace cun espírito de actualización e de novo deseño estratéxico dos dispositivos e recursos sociais.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, atribúelle á Secretaría Xeral de Familia e Benestar competencia en relación co réxime de autorizacións, control e inspección dos centros, servizos e programas sociais, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Por todo o que antecede, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do

22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do punto 3 do anexo I da Orde do 18 de abril de 1996, modificada pola do 13 de abril de 2007, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, que queda redactado como segue:

«3. Vivendas comunitarias.

Son equipamentos de pequeno ou mediano tamaño destinados a albergar en réxime de convivencia case familiar a un número máximo de 12 persoas que, sendo autónomas ou tendo unha dependencia moderada do grao I, niveis 1 e 2, non presenten graves problemas de mobilidade».

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o órgano competente en materia de autorización de centros e equipamentos de atención ás persoas maiores da Xunta de Galicia, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 26 de xullo de 2010 pola que se habilitan os funcionarios pertencentes ao servizo competente en materia de producións gandeiras da Consellería do Medio Rural para realizar actividades inspectoras na materia relativa ao rexistro de movementos de leite.

O artigo 54.3º da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega atribúe ao conselleiro competente en materia de agricultura a facultade de habilitar o persoal que determine para realizar funcións inspectoras, en circunstancias excepcionais debidamente motivadas.

O Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regula a identificación e rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite, ten por obxecto, entre outras cuestións, regular o rexistro de todos os movementos de leite cru que teñan lugar entre os axentes e contedores rexistra-